

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN FÍSICA

- 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES**
- 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE**
- 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES

1º ESO: As UD previstas eran “Atletismo I”, “Bádminton I” e “Actividades na natureza e xogos lúdicos”. Decidiuse modificar o tipo de contidos mediante a realización de traballos de búsqueda de información sobre aspectos relacionados coas unidades en cuestión. Ao tratarse de deportes, traballaríase principalmente o bloque 4 de “Os xogos e as actividades deportivas”, e tamén o bloque 1 de “Contidos comúns”.

1º ESO (CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES)		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCCL
B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendación de aseo persoal necesarias para esta.	EFB1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	CSC CMCCT
	EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física	CSC
B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.	EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	CSC
B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	CD CCL
B4.1. Resolver situación motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas	CAA CSIEE
	EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das actividades técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade	
B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes	EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas, respectando o regulamento.	CAA CSIEE

2º ESO: As UD previstas eran “Atletismo II”, “Bádminton II” e “Deportes alternativos”. Decidiuse modificar o tipo de contidos mediante a realización de traballos de búsqueda de información sobre aspectos relacionados coas unidades en cuestión. Ao tratarse de deportes, traballárase principalmente o bloque 4 de “Os xogos e as actividades deportivas”, e tamén o bloque 1 de “Contidos comúns”.

2º ESO		
(CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES)		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCCL
B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.	EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	CSC CMCCT
B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.	EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	CSC
B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	CD CCL
B4.1. Resolver situación motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas	CAA CSIEE
	EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das actividades técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación	
B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes	EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.	CAA CSIEE

3º ESO: As UD previstas eran “Deportes de raqueta I”, “Deportes alternativos”. Decidiuse modificar o tipo de contidos mediante a realización de traballos de búsqueda de información sobre aspectos relacionados coas unidades en cuestión e coa problemática da pandemia no mundo do deporte (suspensión dos xogos olímpicos, polo que se propuxeron diferentes traballos ao respecto). Traballárase co bloque 1 “Contidos común en Educación Física”, bloque 3 “Actividade física e saúde”, e o bloque 4 “Os xogos e as actividades deportivas”.

3º ESO		
(CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES)		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCCL
B1.1. Desenvolver actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual.	CSC
B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.	EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	CSC
B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	CD CCL
B3.1. Recoñecer os factores que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade de actividade física, aplicándoos á propia práctica, en relación coa saúde e alimentación	EFB3.1.2. Asocia os sistemas metabólicos de obtención de enerxía cos tipos de actividade física, a alimentación e a saúde	CMCCT
B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas, das actividades propostas, respectando as regras e normas establecidas	CAA CSIEE
	EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexigencia e superación	
B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.	EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición propostas.	CAA CSIEE

4º ESO: As UD previstas eran “Deportes de raqueta II”, “Xogos tradicionais” e “Actividades na natureza”. Decidiuse modificar o tipo de contidos mediante a realización de traballos de búsqueda de información sobre as unidades en cuestión, coa problemática da pandemia no mundo do deporte, (suspensión dos xogos olímpicos; polo que se propuxeron diferentes traballos ao respecto). Ademais de ampliar contidos de AF e saúde relacionados coa alimentación. Traballárase co bloque 1 “Contidos común en Educación Física”, bloque 3 “Actividade física e saúde”, e o bloque 4 “Os xogos e as actividades deportivas”.

4º ESO		
(CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES)		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCCL
B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.	EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.	CSC
B1.3. Analizar criticamente o fenómeno deportivo discriminando os aspectos culturais, educativos, integradores e saudables dos que fomentan a violencia, a discriminación ou a competitividade mal entendida.	EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.	CSC CCEC
B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.	EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	CD CCL
	EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	
B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde.	EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.	CMCCT
B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.	EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.	CAA CSIEE
B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.	EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.	CAA CSIEE

1º BACHARELATO: As UD previstas eran os contidos da UD “AF e saúde” que quedaron por ver do anterior trimestre (primeiros auxilios, principios de entrenamiento e sistemas do corpo humano), “Bádminton” e “Actividades na natureza”. Decidiuse modificar o tipo de contidos mediante a realización de traballos de búsqueda de información sobre aspectos relacionados coas unidades en cuestión, coa problemática da pandemia no mundo do deporte, (suspensión dos xogos olímpicos, polo que se propuxeron diferentes traballos ao respecto).

1º BACHARELATO		
(CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES)		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCCL
B1.1. Valorar a actividade física desde a perspectiva da saúde, a satisfacción, a autosuperación e as posibilidades de interacción social e de perspectiva profesional, adoptando actitudes de interese, respecto, esforzo e cooperación na práctica da actividade física.	EFB1.1.2. Adopta unha actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas.	CSC
B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellora o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.	EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.	CD CCL
	EFB1.4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión	
B3.1. Mellorar ou manter os factores de condición física e as habilidades motoras cun enfoque cara á saúde, considerando o propio nivel e orientándoos cara ás súas motivacións e cara a posteriores estudos ou ocupacións.	EFB3.1.1. Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física e saúde.	CMCCT
	EFB3.1.2. Incorpora na súa práctica os fundamentos posturais e funcionais que promoven a saúde	
B4.1. Resolver situacións motoras en diferentes contextos de práctica aplicando habilidades motoras específicas individuais ou de adversario/a con fluidez, precisión e control, perfeccionando a adaptación e a execución dos elementos técnicos desenvolvidos no curso anterior.	EFB4.1.1. Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses	CAA CSIEE
	EFB4.1.2. Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, nas situacións colectivas.	CAA CSIEE CSC
B4.2. Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	EFB4.2.1. Desenvolve accións que conduzan a situacións de vantaxe con respecto á persoa adversaria, nas actividades de oposición	CAA CSIEE

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Os contidos mencionados avaliaranse a través de fichas de heteroavaliación a través dos diferentes traballos de búsqueda de información que os alumnos/as teñen que realizar. Os alumnos/as teñen a opción de realizar o traballo escrito a man, ou ben a ordenador en formatos como Word ou power point. O modo de entrega é a través da aula virtual ou ben a través do correo persoal facilitado. Se algún alumno realiza a tarefa a man, pode enviar fotos das tarefas, dándolles flexibilidade no formato e fechas de entrega.

1. Os alumnos/as que teñan as dúas primeiras avaliacións aprobadas, terán a materia superada. A nota final será a media das dúas primeiras avaliacións. Debido a que as tarefas do terceiro trimestre non son avaliadas, poderán subir a nota dos alumnos/as, e nunca baixala. É por iso que, a maiores, se o alumno/a realiza as tarefas propostas no terceiro trimestre (entregadas e realizadas correctamente), poderá obter un punto máis na cualificación final. Da mesma forma, se o alumno/a non entrega as tarefas propostas no terceiro trimestre, a nota será a media das dúas primeiras avaliacións.
2. Os alumnos/as que teñan a primeira avaliación suspensa, pero a segunda avaliación aprobada, terán a asignatura aprobada, ao considerarse recuperados os contidos, debido ao carácter continuo da materia.
3. Para os alumnos/as que teñan a segunda avaliación suspensa, pero a primeira avaliación aprobada, realizarase a media entre as dúas avaliacións e, se a nota media é de 5 ou superior, terá a materia aprobada.
4. Os alumnos/as con ambas avaliacións suspensas, cuxa nota media sexa como mínimo de 4, terán que realizar as tarefas propostas neste terceiro trimestre de forma obrigatoria para superar a materia.
5. Os alumnos/as que na cualificación final teñan unha nota de 4 ou menos, terán que presentarse en setembro a unha proba extraordinaria, onde realizará unha proba teórica, con preguntas sobre as unidades didácticas non superadas impartidas no curso. Ademais, se o alumno/a non superou algunha proba a nivel práctico, realizarase un exame práctico da unidade didáctica en cuestión.
6. Os alumnos/as coa materia suspensa do curso anterior, considérase que, se aproban a materia neste curso, inmediatamente teñen a materia pendente aprobada. Se isto non é así, o alumno/a terase que presentar en setembro a unha proba extraordinaria, onde realizará unha proba teórica.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Debido a que a materia de Educación Física ten un carácter eminentemente práctico, onde traballo en equipo e a cooperación teñen un papel moi relevante, tívose que adaptar de forma considerable a metodoloxía empregada. Propuxéronse para os diferentes cursos traballos de repaso e reforzo (para afianzar os contidos impartidos nas primeiras avaliacións), e tamén traballos de ampliación sobre novos contidos, buscando tamén un fomento e potenciación do uso das TIC.

As actividades prantexadas en cuestión sobre as unidades didácticas previstas para o terceiro trimestre teñen como obxectivo unha aproximación e iniciación a diferentes contidos, ademais de algunhas actividades sobre a problemática en cuestión no noso ámbito (como o COVID-19 repercutiu no mundo do deporte, por exemplo mediante a cancelación dos Xogos Olímpicos).

Ademais, as actividades prantexadas teñen como obxectivo desenvolver a competencia motriz, buscando un estilo de vida activo nestes tempos e evitar hábitos nocivos para a saúde.

Ante calquera dúbida que os alumnos/as puideran ter sobre as actividades prantexadas, ou ben á hora de corrixir os traballos, transmitíase un feedback de forma inmediata, estando en constante contacto con eles.

Os alumnos teñen acceso á aula virtual, onde se suben as tarefas e actividades a realizar. Ao principio do trimestre había algúns alumnos con problemas de conectividade e acceso a un ordenador, pero a xunta facilitou ao centro tres ordenadores que se lle deron aos alumnos/as con máis problemas de conexión.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

As diferentes tarefas, así como avisos ou información relevante da asignatura, colgase de forma sistemática na aula virtual. Tamén a través do correo electrónico se está en contacto cos alumnos, á hora de enviar e devolver os traballos corrixidos, como de calquera dúbida que poidan ter. Ademais de todo isto, con algún grupo a comunicación realízase a través de Whatsapp.

En canto a cómo se realizará a avaliación do terceiro trimestre e avaliación final, unha vez este documento sexa aprobado por inspección, colgarase na páxina web do centro os criterios ao respecto. A maiores, informarase na páxina da asignatura da aula virtual.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES 2º ESO

- 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES**
- 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE**
- 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES

2º ESO: Os contidos previstos para o terceiro trimestre eran os relacionados coa alimentación e nutrición como hábitos de vida saudable, así como dietas sinxelas, e aspectos de hidratación e alimentación axeitados na práctica de actividade física. Polo tanto, os contidos mencionados traballaranse mediante a realización de traballos de búsqueda de información sobre aspectos relacionados coa temática en cuestión, e tamén mediante a elaboración de recetas saudables, traballándose o bloque 2 “Alimentación para a saúde”.

2º ESO (CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES)		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCCL
B2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria.	EFB1.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	CMCCT
B2.2. Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.	EFB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	CMCCT CAA
	EFB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	CSC
B2.4. Diseñar dietas sinxelas, aplicando as recomendacións segundo idade, sexo e actividade física diaria durante un período de tempo acordado.	EFB1.5.1. Diseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado.	CMCCT CAA CSIEE

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Os contidos mencionados avaliaranse a través de fichas de heteroavaliación a través dos diferentes traballos de búsqueda de información que os alumnos/as teñen que realizar. Os alumnos/as teñen a opción de realizar o traballo escrito a man, ou ben a ordenador en formatos como Word ou power point. O modo de entrega é a través da aula virtual ou ben a través do correo persoal facilitado. Se algún alumno realiza a tarefa a man, pode enviar fotos das tarefas, dándolles flexibilidade no formato e fechas de entrega.

1. Os alumnos/as que teñan as dúas primeiras avaliacións aprobadas, terán a materia superada. A nota final será a media das dúas primeiras avaliacións. Debido a que as tarefas do terceiro trimestre non son avaliadas, poderán subir a nota dos alumnos/as, e nunca baixala. É por iso que, a maiores, se o alumno/a realiza as tarefas propostas no terceiro trimestre (entregadas e realizadas correctamente), poderá obter un punto máis na cualificación final. Da mesma forma, se o alumno/a non entrega as tarefas propostas no terceiro trimestre, a nota será a media das dúas primeiras avaliacións.
2. Os alumnos/as que teñan a primeira avaliación suspensa, pero a segunda avaliación aprobada, terán a asignatura aprobada, ao considerarse recuperados os contidos, debido ao carácter continuo da materia.
3. Para os alumnos/as que teñan a segunda avaliación suspensa, pero a primeira avaliación aprobada, realizarase a media entre as dúas avaliacións e, se a nota media é de 5 ou superior, terá a materia aprobada.
4. Os alumnos/as con ambas avaliacións suspensas, cuxa nota media sexa como mínimo de 4, terán que realizar as tarefas propostas neste terceiro trimestre de forma obrigatoria para superar a materia.
5. Os alumnos/as que na cualificación final teñan unha nota de 4 ou menos, terán que presentarse en setembro a unha proba extraordinaria, onde realizará unha proba teórica, con preguntas sobre os contidos impartidos no curso.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Nesta materia mantense na medida do posible a metodoloxía utilizada no modo presencial antes do confinamento, levando a cabo traballos e presentacións de diferentes temas relacionados coa materia.

Propuxéronse traballos de ampliación sobre novos contidos, buscando tamén un fomento e potenciación do uso das TIC.

As actividades prantexadas en cuestión sobre as unidades didácticas previstas para o terceiro trimestre teñen como obxectivo unha aproximación e iniciación a diferentes contidos relacionados coa alimentación e a saúde, a través da elaboración de recetas saudables e práctica de AF., polo que o que se busca é un estilo de vida activo nestes tempos e evitar hábitos nocivos para a saúde.

Ante calquera dúbida que os alumnos/as puideran ter sobre as actividades prantexadas, ou ben á hora de corrixir os traballos, transmitíase un feedback de forma inmediata, estando en constante contacto con eles.

Os alumnos teñen acceso á aula virtual, onde se suben as tarefas e actividades a realizar. Ao principio do trimestre había algúns alumnos con problemas de conectividade e acceso a un ordenador, pero a xunta facilitou ao centro tres ordenadores que se lle deron aos alumnos/as con máis problemas de conexión.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

As diferentes tarefas, así como avisos ou información relevante da asignatura, colgase de forma sistemática na aula virtual. Tamén a través do correo electrónico se está en contacto cos alumnos, á hora de enviar e devolver os traballos corrixidos, como de calquera dúbida que poidan ter.

En canto a como se realizará a avaliación do terceiro trimestre e avaliación final, unha vez este documento sexa aprobado por inspección, colgarase na páxina web do centro os criterios ao respecto. A maiores, informarase na páxina da asignatura da aula virtual.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ANATOMÍA APLICADA

1º BACHARELATO

- 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES**
- 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE**
- 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES

1º BACHARELATO: Os contidos previstos para o terceiro trimestre eran os relacionados co sistema cardiovascular, o sistema óseo e o sistema muscular como condicionantes do movemento. Dichos contidos impártense a través de clases online e diapositivas en power point, ademais da elaboración de traballos de búsqueda de información sobre aspectos relacionados coa temática en cuestión. Polo tanto, neste terceiro trimestre traballarase principalmente cos bloques de contidos 3 “O sistema locomotor”, o bloque 4 de “O sistema cardiopulmonar” e o bloque 8 de “Elementos comúns”.

1º BACHARELATO (CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES)		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCCL
B3.1. Recoñecer a estrutura e o funcionamento do sistema locomotor humano en movementos propios das actividades artísticas, razoando as relacións funcionais que se establecen entre as súas partes.	AAB3.1.1. Describe a estrutura e a función do sistema esquelético en relación coa mobilidade do corpo humano	CMCCT
	AAB3.1.3. Diferencia os tipos de articulacións en relación coa mobilidade que permiten	
	AAB3.1.4. Describe a estrutura e a función do sistema muscular, identificando a súa funcionalidade como parte activa do sistema locomotor	
B3.2. Analizar a execución de movementos aplicando os principios anatómicos funcionais, a fisioloxía muscular e as bases da biomecánica, e establecendo relacións razoadas.	AAB3.2.2. Identifica os ósos, as articulacións e os músculos principais implicados en diversos movementos, utilizando a terminoloxía axeitada.	CCL CMCCT
B4.1. Identificar o papel do sistema cardiopulmonar no rendemento das actividades artísticas corporais.	AAB4.1.2. Describe a estrutura e a función do sistema cardiovascular, explicando a regulación e a integración de cada compoñente.	CMCCT
B8.1. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, procurando fontes de información axeitadas e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.	AAB8.1.1. Compila información, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, de forma sistematizada e aplicando criterios de procura que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia	CD CAA
B8.3. Demostrar de xeito activo motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas e responsabilidades	AAB8.3.1. Participa na planificación das tarefas, asumindo o traballo encomendado, e comparte as decisións tomadas en grupo	CAA CSIEE

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Os contidos mencionados avaliaranse a través de fichas de heteroavaliación a través dos diferentes traballos de búsqueda de información que os alumnos/as teñen que realizar. Os alumnos/as teñen a opción de realizar o traballo escrito a man, ou ben a ordenador en formatos como Word ou power point. O modo de entrega é a través da aula virtual, a través do correo persoal facilitado, ou a través do Google Drive compartido da asignatura. Se algún alumno realiza a tarefa a man, pode enviar fotos das tarefas, dándolles flexibilidade no formato e fechas de entrega.

1. Os alumnos/as que teñan as dúas primeiras avaliacións aprobadas, terán a materia superada. A nota final será a media das dúas primeiras avaliacións. Debido a que as tarefas do terceiro trimestre non son avaliábles, poderán subir a nota dos alumnos/as, e nunca baixala. É por iso que, a maiores, se o alumno/a realiza as tarefas propostas no terceiro trimestre (entregadas e realizadas correctamente), poderá obter un punto máis na cualificación final. Da mesma forma, se o alumno/a non entrega as tarefas propostas no terceiro trimestre, a nota será a media das dúas primeiras avaliacións.
2. Os alumnos/as que teñan a primeira avaliación suspensa, pero a segunda avaliación aprobada, terán a asignatura aprobada, ao considerarse recuperados os contidos, debido ao carácter continuo da materia.
3. Para os alumnos/as que teñan a segunda avaliación suspensa, pero a primeira avaliación aprobada, realizarase a media entre as dúas avaliacións e, se a nota media é de 5 ou superior, terá a materia aprobada.
4. Os alumnos/as con ambas avaliacións suspensas, cuxa nota media sexa como mínimo de 4, terán que realizar as tarefas propostas neste terceiro trimestre de forma obrigatoria para superar a materia.
5. Os alumnos/as que na cualificación final teñan unha nota de 4 ou menos, terán que presentarse en setembro a unha proba extraordinaria, onde realizará unha proba teórica, con preguntas sobre os contidos impartidos no curso.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Nesta materia mantense na medida do posible a metodoloxía utilizada no modo presencial antes do confinamento, levando a cabo traballos e presentacións de diferentes temas relacionados coa materia.

Propuxéronse traballos de ampliación sobre novos contidos, buscando tamén un fomento e potenciación do uso das TIC.

As actividades prantexadas en cuestión sobre as unidades didácticas previstas para o terceiro trimestre teñen como obxectivo unha aproximación e iniciación a diferentes contidos relacionados cos sistemas cardiovascular, óseo e muscular (aparello locomotor), como soporte estrutural do movemento, en relación coa práctica de AF.

Ante calquera dúbida que os alumnos/as puideran ter sobre as actividades prantexadas, ou ben á hora de corrixir os traballos, transmitíase un feedback de forma inmediata, estando en constante contacto con eles.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

As diferentes tarefas, así como avisos ou información relevante da asignatura, colgase de forma sistemática na aula virtual. Tamén a través do correo electrónico se está en contacto cos alumnos, á hora de enviar e devolver os traballos corrixidos, como de calquera dúbida que poidan ter. No caso concreto desta materia a comunicación faise a través de Whatsapp, e os contidos explicados e as tarefas que os alumnos deben facer súbense ao Google Drive compartido da materia.

En canto a como se realizará a avaliación do terceiro trimestre e avaliación final, unha vez este documento sexa aprobado por inspección, colgarase na páxina web do centro os criterios ao respecto. A maiores, informarase na páxina da asignatura da aula virtual.